



CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE DOUS PEÓNS PARA CUADRILLA DE OBRAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS. CONTRATACIÓN A XORNADA COMPLETA DURANTE CATRO MESES- PROGRAMA PEL CONCELLOS 2026.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso- oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de **DOUS (2) postos de traballo de peón para a cuadrilla de OBRAS** do Concello de Cabana de Bergantiños durante 4 meses

Tendo en conta as Bases do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia, anualidade 2026, publicado no BOP núm. 197 do 15/10/2025 poderán participar nesta selección persoas que estén comprendidas en situacións de exclusión laboral e desempregados.

2.- TIPO DE CONTRATO E DURACIÓN

Os contratos laborais que se realizarán coas persoas seleccionadas, de conformidade co disposto na Base 4.3 do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia, anualidade 2026 será o de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (contratos vinculados a programas de activación para o emprego, Disposición Adicional Novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro)

As persoas a contratar deben estar en situación de desemprego, inscritas como demandantes na oficina de emprego.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptarase as necesidades do servizo.

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO

- Número de postos de traballo: 2 (DOUS).
- Clase: persoal laboral temporal
- Xornada: completa.
- Nivel de titulación mínimo esixido: Sen requisito de titulación.
- Denominación do posto: peón de obras.
- Funcións: Pavimentación de vías públicas e acceso aos núcleos de poboación, e en xeral, labores de reparación e mantemento.
- Categoría: Peón (grupo de cotización nº 10).
- Retribucións brutas mensuais: 1.424,50 € (paga extra incluída),
 - o 1221,00 € en concepto de salario base
 - o 203,50 € en concepto de paga extra prorrateada,
- Duración do contrato: 4 meses.
- Código de contrato:405



4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

4.1. Para tomar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Ser español ou española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou cónxuxe dun ou dunha español ou nacional de algún estado membro da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou traballadoras. Demais estranxeiros ou estranxeiras residentes legalmente en territorio español de acordo ó establecido na Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ó posto de traballo.

c) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

f) Acreditar estar nalgunha das situacións de **exclusión laboral**, tal e como indica a subvención, pola cal se solicita a axuda, que son as seguintes:

- Mulleres, ao ter o diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

- Maiores de 45 anos.

- Menores de 30 anos.

- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego. Achegarase informe de vida laboral actualizado.

- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Achegarase certificado de minusvalía que acredite esta circunstancia, expedido polo órgano competente.

- Persoas en situación de drogodependencia. Achegarase informe dos servizos sociais municipais.

- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego. Achegarase volante de empadramento e informe dos servizos sociais municipais e informe de vida laboral actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral

- Persoas con fogar monoparental. Achegarase informe dos servizos sociais municipais e volante de empadramento.

- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais. Achegarase informe dos servizos sociais municipais.

- Persoas vítimas de violencia de xénero. Achegarase informe de servizos sociais municipais.

g) Os aspirantes deben posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

h) Ser demandante de emprego: Aportarase informe de períodos de inscrición do Servizo Público de Emprego actualizado.

As persoas a contratar deben estar en **situación de desemprego, inscritas como demandantes na oficina de emprego.**



4.2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

4.3. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e de medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba a realizar. Para a súa valoración o Tribunal poderá pedir a documentación acreditativa do grao de discapacidade e as solicitudes serán resoltas polo Alcalde.

5.- PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello (<https://sede.cabana.gal>), sen prexuízo de que se proceda a súa difusión por outros medios.

Todas as demais resolucións que se produzan no expediente, serán publicadas a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.cabana.gal>

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello (dirección:A Carballa s/n, Cesullas, 15115 Cabana de Bergantiños) ou a través de sede electrónica no prazo de **4 días hábiles**, contados dende o seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Se a solicitude non se presenta no Rexistro do Concello de Cabana de Bergantiños nin en sede electrónica (correos, outro rexistro) deberá remitir ao fax do concello 981754020, ou ben por correo electrónico (cabana@cabana.gal), **UNHA COPIA DA SOLICITUDE (ANEXO I)**, antes da data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

Na data de presentación de solicitudes, os e as candidatos/as deberán reunir todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que figuren na solicitude e unicamente poderán modificalos no prazo de presentación de instancias.

As instancias dirixíranse ao alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños e deberá ir inexcusablemente acompañada da seguinte documentación en orixinal, fotocopia ou copia electrónica debidamente autenticada:

- Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de se este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.
- Copia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

- c) De ser o caso, certificación da condición de discapacitado e grao de minusvalía.
- d) De se o caso, solicitude de adaptación das probas por motivos de discapacidade.
- e) Documentación que acredite que se atopa nunha situación de exclusión laboral segundo a cláusula 4 destas bases.
- f) Celga 1 ou equivalente
- g) Acreditación da situación de desempregado aportando un informe actualizado de periodos de inscrición do Servizo Público de Emprego.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

2-Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal ás persoas aspirantes que finalmente sexan seleccionadas. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. Ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

7.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños, <https://sede.cabana.gal> e tamén na páxina web municipal.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas será definitiva no caso de non existir aspirantes excluídos.

2.-No caso de que existan persoas aspirantes excluídas, así como persoas omitidas na relación de admitidas ou excluídas, disporán dun prazo de **1 día hábil** contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3.-No caso de producirse reclamacións, ditarase unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, elaborando unha nova listaxe definitiva, que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

4.-O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

Na mesma resolución a Presidencia da Corporación, determinará o lugar, hora e data de comezo da proba práctica da fase de oposición, e tamén a proba de galego, en caso de que os aspirantes a tiveran que realizar.



8.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

1.-O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 4.e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Tódolos e tódalas vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

O/A Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros ou doutras asesores especialistas para as probas que consideren pertinentes, limitándose estes ou estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os e as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no artigo 24 da mesma lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e da Secretaria.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

Os membros do Tribunal, titulares ou suplentes, que actúen nestas probas percibirán as gratificacións correspondentes de cumprirse co disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

2.-A composición do Tribunal cualificador estará integrado por:

Presidente/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

9.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

1.- As persoas aspirantes serán citadas para o día sinalado para a realización das probas.

2.-Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, as persoas aspirantes serán chamadas de acordo coa Resolución do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<M>>. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.-As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamadas comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación das persoas aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ás persoas aspirantes afectadas por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

4.-Para as persoas con discapacidades que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

10-SISTEMA E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O procedemento empregado para a selección dos e das candidatos/as, será o de concurso- oposición, consistente en:

Fase de concurso: (puntuación máxima: **4 puntos**). Por ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas, do seguinte xeito:

- de ata 20 horas de duración (ou sen especificar a duración): 0.50 puntos.
- de 21 horas a 40 horas de duración: 1 punto
- de 51 horas a 80 horas de duración: 2 puntos.
- de 81 horas a 100 horas de duración: 3 puntos.
- de 101 horas en diante: 4 puntos.

Fase de oposición: (Puntuación máxima: **6 puntos**) de carácter obligatorio e eliminatorio

Constará de dous exercizos.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade. Os candidatos deberán acudir provistos do DNI, ou no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

Primer exercizo:proba práctica.

Consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica de duración máxima de quince minutos, que estará relacionada co posto de traballo a cubrir e as funcións a desenvolver, concretamente no manexo de utensilios, ferramentas e materiais (mortero, ladrillos,) para a construción dun pequeno tabique de ladrillos



dacordo ao esixible a un peón de OBRAS e medidas de seguridade. Valorase a destreza, a habilidade no manexo das ferramentas e tamén na elaboración final da proba. Este exercizo ten o carácter de eliminatorio, de modo que non poderán continuar no proceso de selección os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima esixida (3 puntos).

Segundo exercizo: coñecemento da lingua galega.

Aqueles aspirantes que non presenten certificado que acredite o coñecemento do idioma galego mediante a presentación do correspondente certificado ou título (Celga 1 ou título de galego equivalente), terán que realizar unha proba de galego. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto. As persoas que acaden a puntuación de non apto, serán excluídos. Consistirá nunha proba tipo test de 10 preguntas, con dúas posibles solucións, no que haberá unha única resposta correcta. Puntuaranse as respostas correctas con 1 punto e con cero puntos as respostas incorrectas. Considerarase aprobada esta proba cando o aspirante acade un mínimo de 5 puntos.

11.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO

Concluído o procedemento selectivo, o Tribunal realizará unha proposta de nomeamento a favor daqueles candidatos ou candidatas que obtiveran a maior puntuación no exercicio práctico, detallando a puntuación obtida en orde decrecente, e será elevada ao alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a de máis longa duración como desempregado.

A resolución nomeando aos candidatos e candidatas seleccionados será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Concederase un prazo de **dous días hábiles** dende a resolución de nomeamento para que os candidatos presenten:

- Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non encontrarse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente e nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- Informe médico actualizado na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.
- Documento no que conste número de afiliación á Seguridade Social ou copia da tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.

En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terán dereito a prestación económica algunha.

12.- FORMACIÓN DUNHA LISTA DE SUBSTITUCIÓN

Durante a presente anualidade, no caso de que por algunha circunstancia o servizo non estivera cuberto, o Concello poderá utilizar unha lista de substitución cos aspirantes aprobados, que non teñan renunciado ó contrato, segundo os apartados anteriores, e o orde será segundo a puntuación obtida, para contratacións laborais temporais de acordo coas seguintes normas:



a) Os chamamentos aos/ás aspirantes.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregada/o público/a que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

b) Situación na lista de substitución.

Os/as integrantes da lista de substitución que, sendo convocados/as para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentaran ou renunciaran a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos quedando excluídos/as da lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo. Se a causa é xustificada, pasarán a ocupar o derradeiro posto na lista de substitución.

c) Nomeamentos e cesamentos.

Unha vez comparecera o/a aspirante chamado/a segundo a orde da lista de substitución, o Sr. Alcalde por Resolución procederá a súa contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente. O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

d) Extinción da lista de substitución.

A lista de substitución formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extinguirase en todo caso o 31/12/2026.

13. NORMA FINAL

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven das mesma, poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

-Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.

-Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.

En Cabana de Bergantiños, coa data da sinatura dixital.

O alcalde.

José Muíño Domínguez.